



Avda. de San Sadurniño 33
15552 Valdoviño
Tlfno:881938107
cpi.atios@edu.xunta.es
<http://centros.edu.xunta.es/cpideatios>

Departamento de Orientación

Memoria

Departamento de Orientación

Curso 2022/2023

Xefe/a de departamento:	
<i>Cristina Martínez Romero/Lucía Hermida González</i>	
Membros do departamento	
<i>Cándida Damota Picos</i> <i>M^a Carmen Hermida García</i> <i>Inmaculada Fernández Bocelo</i> <i>Juan Ramón Alonso García</i> <i>Marta Pérez Rey</i> <i>Sara Delgado Porto</i> <i>Alicia Vázquez Méndez</i> <i>Guillermo Gómez Iglesias</i> <i>Carmen Barro Sueiras</i> <i>Eva Couce Coba</i> <i>Marina Pernas Marín</i>	

DEPARTAMENTO	<i>Orientación</i>
--------------	--------------------

A) Introducción.

Como anos pasados, esta Memoria tenta ser unha reflexión sobre a tarefa realizada polo Departamento de Orientación neste ano de traballo 22/23, ó tempo que constitúe unha avaliación xeral que sirva para tomar decisións de cara a que o vindeiro curso se leven a cabo as melloras que se estimen oportunas.

Na avaliación da programación pretendemos contrastar a práctica co Proxecto de Orientación realizado a principios do presente curso, e ver que cousas se fixeron e cales quedaron por facer, que aspectos xurdiron e non estaban contemplados no proxecto, etc. Polo tanto intentaremos esclarecer ata que punto se levaron a cabo as accións que nun principio se estableceron como prioritarias para este ano , así como os principais obstáculos e inconvintes que xurdiron ó intentar facelo.

Tamén exporemos aqueles aspectos máis destacados do funcionamento das aulas de apoio durante o curso. (Memorias adxuntas como reflicte a nova lexislación vixente).

A avaliación da concreción anual do Plan Xeral de Atención á Diversidade está reflectida nun documento específico que será incluído na memoria anual do centro.

Por último faremos as conclusións a destacar.

Hai que destacar como novidade do curso pasado a publicación da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 do 7 de decembro , polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación. Esta Orde regula importantes cambios en canto a atención á diversidade e que teñen que ser reflectidos no Plan Xeral de Atención á Diversidade. Estes cambios e os documentos que requiren foron organizándose e elaborándose ó longo do curso pasado e tamén deste curso escolar, e estes últimos serán aprobados en outubro deste ano na Claustro e no Consello escolar.

B) Avaliación da programación.

GRADO DE CONSECUCCIÓN DAS ACCIÓNS PRIORITARIAS

+ Revisa-las necesidades do Departamento, e seguir dotándoo do material preciso para levar a cabo tarefas de avaliación psicopedagóxica, acción tutorial, orientación académica, transición á vida adulta, completar o equipamento informático...

Ó longo deste ano o Departamento foi mercando novo material segundo foi xurdindo a necesidade. Tendo en conta que os presupostos son relativos o ano natural e non ó curso académico, temos un gran parte do noso presuposto reservado para o primeiro trimestre do próximo curso. O presuposto inicial do departamento é de 1000 euros.

+ Revisa-lo Plano de Acción Tutorial e introducir as modificacións que se estimen oportunas

Unha vez concretada a planificación das sesións de tutoría para o curso, se facilitou material cando foi solicitado e concretouse a metodoloxía. Algunhas das actividades concretas desenvolvidas foron:

- Os días 3 e 4 de novembro viñeron das FFAA a dar unha charla ó alumnado de 4º de ESO.
- Organización e posta en práctica da nosa participación no Programa "**AgresiónOFF. Eu digo non á violencia sexual**" da Secretaría Xeral de Igualdade. O día 10 de novembro tivo lugar esta actividade na casa da Cultura do Concello e participou o alumnado de 2º e 4º da ESO. Ademais, ao longo da intervención distribuíranse **flyers co 'Decálogo contra a violencia sexual: 10 cousas que tes que saber'**, así coma merchandising cos logotipos de programa.
- Visionado no auditorio da Casa da Cultura do Concello das curtas elaboradas polo alumnado de 3º e 4º da ESO no curso 21-22 sobre a violencia de xénero dentro do Proxecto **Xénero Educa Valdoviño - Xénero Historias** enmarcado dentro do Programa municipal de igualdade, diversidade e prevención das violencias de xénero "**SOMOS E CONTAMOS**". Durante a realización do proxecto o alumnado traballou a igualdade e a prevención da violencia de xénero a través dunha metodoloxía innovadora, onde o obxectivo principal de é que o alumnado sexa o protagonista do seu

propio cambio. Este evento foi presentado polas alumnas e alumnos que participaron no proxecto.

Data: 17 de novembro

Horario: 17:00

Lugar: A Casa da Cultura (Av. Gándara de Abaixo, 30, 15552 Valdoviño, A Coruña)

No evento presentouse o traballo realizado polo alumnado, 4 curtos e un videoclip cunha temática principal, a prevención das violencias e a promoción da igualdade de xénero.

- Ciberquedada: dentro da campaña DE FRONTE á violencia de xénero
 1. Data e hora: mércores 23 de novembro ás 10.30 h cunha duración máxima de 60 min.
 2. A actividade retransmitiuse en streaming dende a canle de You Tube da Deputación e dende a web da campaña, quedando aí pendurada como recurso educativo.
 3. A moderadora deu a benvida aos centros e pasou a proxectar 3 microvídeos onde se reflicten situacións de violencias machistas na rede. Posteriormente animou ao debate e o alumnado participou desde o ordenador da aula, plasmando as súas reflexións e consultas no chat sempre baixo a supervisión do profesorado da aula.
- Exposición no noso centro da exposición itinerante “Cartas de amor” e traballo nas aulas sobre esta temática en todas as etapas.
- Acto conmemorativo do **Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres: participación de todo o centro no acto: minuto de silencio ás 12:00 horas do venres, 25 de novembro de 2022**. Performance do alumnado de 4º de ESO. Lectura de manifestos. Actuación de dous alumnos de 4º de ESO cunha canción contra a violencia de xénero.
- Elaboración dun video “Nenas e nenos feministas” na aula de 5º EP A. Traballo posterior con este video nas aulas de Infantil e Primaria.
- Actividades realizadas polo profesorado nas súas aulas: “Obras de arte e violencia de xénero”, traballos, murais, recital de poemas e cancións nos recreos na biblioteca...
- Posta en marcha dun grupo de Igualdade dentro do alumnado.
- Día internacional da Nena e da Muller na Ciencia: 11 de febreiro.

- Conferencia para 5º e 6º de E. Primaria e 1º e 2º de ESO da psiquiatra e divulgadora científica Iria Veiga Ramos.
- Realización por parte do Departamento de Física e Química de experimentos relacionados con mulleres científicas.
- Realización de diversas actividades nas tres etapas educativas: realización de traballos e murais sobre diversas mulleres científicas, visionado de curtos, lectura de contos...
- Día de Rosalía de Castro. 24 de febreiro: Diversas actividades nas aulas desde E. Infantil ata 4º de ESO.
- Día internacional da Muller 8 de marzo.
 - Elaboración de diversas obras artísticas nas aulas de todos os cursos (poemas, esculturas, debuxos, murais...).
 - Participación de todo o alumnado da ESO no visionado na Casa da Cultura do espectáculo #2PILGRIMS, de Redrum Teatro. #2PILGRIMS é un espectáculo de autoficción no que se tratan temas como a igualdade de xénero, o uso das redes sociais, a amizade entre homes e mulleres, o oficio do actor/actriz e, especialmente, as novas masculinidades. Pretende ser un espectáculo conciliador para que o alumnado en idade adolescente tome conciencia sobre a sociedade e a educación heteropatriarcal das que é vítima e adquira a posibilidade de cuestionar os seus comportamentos sen que a forma de tratar as temáticas en escena supoña para eles/as un ataque ou un intento de culpabilización.
 - Proposta a realizar en horario de Titorías. Actividades para antes e despois do espectáculo (Reflexión colectiva sobre as Novas Masculinidades, exercicio de micro-creación audiovisual ou teatral, Debate: Os estereotipos de xénero...)
 - Traballos sobre mulleres achegadas ao alumnado, coas que se relacionan cada día. Relacionado co 50 aniversario realizáronse traballos sobre mulleres que teñen pasado polo centro ou que pertencen á comunidade escolar.
 - Outras actividades en galego propoñas polo EDLG para traballar o 8M.
 - Lectura nunha xuntanza de todo o alumnado de ESO dun manifesto escrito polo equipo de igualdade do centro. Gravación do manifesto na radio.

- Proposta a todos os membros da comunidade educativa de levar una prenda morada para conmemorar o 8M
 - Elaboración de lazos morados para todo o centro para levar posto o 8 de marzo.
 - No 2º trimestre veu ó noso centro unha persoa (Susana) a realizar as prácticas dun curso de Dirección e Coordinación de actividades de ocio e tempo libre na infancia e adolescencia. Susana traballou unha hora semanal en cada un dos grupos de cada nivel de cada etapa educativa. Tamén traballou dinamizando nos recreos das tres etapas. Nesta hora semanal dedicada a cada grupo realizou diferentes actividades de convivencia, resolución pacífica de conflitos, inclusión... e tamén realizou actividades relativas a igualdade na semana do 8M. Dependendo do nivel educativo axustou o tipo de actividades. Cos pequenos contacontos, xogos... e cos máis maiores visionado de curtas, debates...
- Obradoiros impartidos polo Colexio de Médicos e Médicas “Risco cero” sobre enfermidades de transmisión sexual e embarazos non desexados. Para alumnado de 3º e 4º de ESO. Día 24 de abril. Los horarios foron os seguintes:
 - De 9:35 a 11:15 obradoiro para os dous grupos de 4º de ESO.
 - De 11:30 a 13:10 obradoiro para os tres grupos de 3º de ESO.
 - Organización e implementación das charlas sobre os bacharelatos para 4º de ESO:
 - 18 xaneiro: Orientadora CPI Atios
 - 19 xaneiro: Orientadora IES Catabois
 - 20 xaneiro: Orientadora IES Terra de Trasancos
 - Tamén ó longo do terceiro trimestre viñeron de varios centros da comarca onde se imparte Formación Profesional a informar sobre os seus ciclos.
 - Asesoramento individualizado por parte da orientadora do alumnado de 4º de ESO sobre os bacharelatos e os IES onde cursalos.
 - Información a titoras de 4º de ESO das probas de acceso a ciclos de grado medio para que o comuniquen nas súas titorías. Asesoramento individualizado ó alumnado que o

solicitou.

- Organización e implementación nas charlas de Asfedro sobre adiccións para 3º ESO e 4º da ESO o día 13 de xuño.

MARTES 13 DE XUÑO

11.30-13.10: 4º ESO A-B

13.25-15.05- 4º ESO A

MÉRCORES 14 DE XUÑO

11.30-13.10: 4º ESO A-B

13.25-15.05- 4º ESO A

- Organización e implementación das charlas dentro do Plan Director:

HORARIOS CHARLAS PLAN DIRECTOR CURSO 22-23

26-04-2023

9:35-10:25 -----3º ESO A ACOSO ESCOLAR. CIBERBULLING
10:25-11:15 ----- 3º ESO B-C ACOSO ESCOLAR. CIBERBULLING
11:15-12:05 ----- 6º EP A VIOLENCIA DE XÉNERO
12:30-13:20 ----- 6º EP B VIOLENCIA DE XÉNERO
13:20-14:10 ----- 6º EP C VIOLENCIA DE XÉNERO

27-04-2023

9:35-10:25 -----5º EP A ACOSO ESCOLAR. CIBERBULLING
10:25-11:15----- 5º EP B ACOSO ESCOLAR. CIBERBULLING
11:30-12:20----- 2º ESO A ACOSO ESCOLAR. CIBERBULLING
12:20-13:10----- 2º ESO B ACOSO ESCOLAR. CIBERBULLING
13:25-14:15----- 2º ESO C ACOSO ESCOLAR. CIBERBULLING

03-05-2023

9:35-10:25 ----- 1º ESO A VIOLENCIA DE XÉNERO
10:25-11:15-----1º ESO B VIOLENCIA DE XÉNERO
11:30-12:20----- 4º ESO A VIOLENCIA DE XÉNERO
12:20-13:10----- 4º ESO B VIOLENCIA DE XÉNERO

- Asesoramento por parte da orientadora a alumnos propostos polo equipo de profesores para FP básica e os seus pais.
- En xuño a orientadora impartiu unhas charlas ó alumnado de 6º de EP sobre a ESO.

- En xuño a orientadora impartiu unhas charlas ó alumnado de 3º de ESO sobre as opcións que poden escoller en 4º de ESO e estudos posteriores.

Por outra banda cando, ó longo do curso, algún titor tiña algunha demanda concreta, o Departamento intentaba facilitarlle o asesoramento e a información precisa. Os titores e titoras realizaron moitas outras actividades.

De cara o vindeiro curso intentaremos de novo fomentar as actividades que promovan a igualdade entre xéneros e o respecto a diversidade afectivo-sexual, priorizando os obxectivos do Plan de Igualdade do centro.

+ Continuar co Plano de Orientación Académica e profesional tal como se fixo o curso pasado, pero engadir novas actividades, recursos, estratexias..., intentando mellorar a formación e información dos distintos sectores da Comunidade Educativa nestes aspectos.

As que se realizaron desenvólvense principalmente a través de:

- Sesións de titorías, onde o asesoramento era levado a cabo polo titor e nalgúns casos pola orientadora, principalmente en 3º e 4º de ESO.
- Charlas informativas sobre as alternativas que se lles presentan unha vez que acaden o Título en Educación Secundaria.
- Asesoramento individualizado por parte do titor e/o da orientadora, a tódolos alumnos e alumnas de 4º de ESO que estiveron interesados, así como os pais que o solicitaron.
- A orientadora levou a cabo unha charla ó alumnado de 3º de ESO sobre os itinerarios de 4º de ESO e a súa relación coas modalidades de bacharelato e FP.
- Posteriormente a orientadora proporcionou o asesoramento máis individualizado ós alumnos e alumnas de 3º de ESO que o solicitaron.
- Visita ó noso centro e charla de orientadoras dos IES polos que mostrou interese ó alumnado de 4º de ESO.
- Información a titoras de 4º de ESO das probas de acceso a ciclos de grado medio para que o comuniquen nas súas titorías. Asesoramento individualizado ó alumnado que o solicitou.

+ Asesorar á Comisión de Coordinación Pedagóxica nos temas de índole pedagóxico/didáctico que vaian xurdindo.

A Comisión de Coordinación Pedagóxica reuniuse tódolos meses do curso, e o Departamento

de Orientación asesorou naqueles temas que lle foron demandados. Este curso destacamos de novo o asesoramento sobre as novas medidas, informes e plans reflectidos na Orde do 8 de setembro.

+ Analiza-las necesidades educativas do alumnado do CPI e do Centro Adscrito a el, facendo a correspondente avaliación psicopedagóxica cando sexa preciso. Como dixemos noutras ocasións, a orientadora adica unha gran parte do seu tempo as avaliacións psicopedagóxicas, xa que tódolos anos hai gran demanda. Este curso se realizaron os seguintes informes:

AVALIACIÓNS PSICOPEDAGÓXICAS

EDUCACIÓN INFANTIL	0
--------------------	---

1º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA	8
2º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA	8
3º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA	1

1º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	0
2º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	0
3º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	0
4º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	0

INFORMES CAMBIO DE CENTRO:

EDUCACIÓN INFANTIL	0
--------------------	---

1º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA	0
2º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA	1
3º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA	0

1º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	2
--	---

2º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	2
3º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	1
4º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	4

INFORMES SOLICITADOS POLAS FAMILIAS:

EDUCACIÓN INFANTIL	1
--------------------	---

1º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA	0
2º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA	2
3º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA	1

1º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	0
2º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	1
3º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	0
4º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	1

INFORMES PRECISOS PARA TRAMITAR A ADMISIÓN DE ALUMNADO QUE OPTA A POSTO RESERVADO A ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO

4º DE EDUCACIÓN INFANTIL	0
1º DE EDUCACIÓN PRIMARIA	0
1º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	0

Quedaron sen facer 3 avaliacións psicopedagóxicas solicitadas polas titoras.

+ Asesorar ós Departamentos Didácticos e os titores e titoras para pór en marcha as actividades de reforzo educativo para o alumnado que o precise, e asesorar na elaboración de Adaptacións Curriculares:

PLANS ESPECÍFICOS DE REFORZO PARA O ALUMNADO DE EDUCACIÓN PRIMARIA QUE PERMANEZA UN A NO MÁIS NO MESMO CURSO

1º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA	0
2º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA	0
3º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA	0

PLANS DE REFORZO PARA O ALUMNADO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA QUE PASE DE CURSO CON MATERIAS SEN SUPERAR

1º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	0
2º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	16
3º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	8
4º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	8

PLANS ESPECÍFICOS PERSONALIZADO PARA O ALUMNADO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA QUE PERMANEZA UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO

1º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	1
2º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	1
3º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	3
4º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	2

PROGRAMAS DE HABILIDADES E COMPETENCIAS SOCIAIS

EDUCACIÓN PRIMARIA	0
EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	0

PROGRAMAS DE REFORZO NAS AREAS INSTRUMENTAIS BÁSICAS PARA O ALUMNADO DE 1º E 2º DA ESO. (EXENTOS DE LINGUA FRANCESA)

1º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	12
2º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	19

ADAPTACIÓNS CURRICULARES

EDUCACIÓN INFANTIL	1
--------------------	---

1º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA	0
2º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA	2
3º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA	3

1º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	4
2º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	8
3º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	0
4º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	0

FLEXIBILIZACIÓN DA DURACIÓN DO PERÍODO DE ESCOLARIZACIÓN

➤ REDUCCIÓN

EDUCACIÓN INFANTIL	0
--------------------	---

1º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA	0
2º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA	0
3º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA	0

1º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	0
2º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	0
3º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	0
4º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	0

➤ AMPLIACIÓN

EDUCACIÓN INFANTIL	1
--------------------	---

1º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA	0
2º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA	0

3º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA	0
--------------------------------	---

1º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	0
2º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	0
3º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	0
4º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	0

ALUMNADO EN PROGRAMAS DE DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR

3º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	5
4º DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA	0

+ Traballar en colaboración con diferentes Servizos externos.

Parécenos importante traballar en colaboración cos diferentes servizos externos que poidan estar relacionados co centro e cos nosos alumnos. Este ano colaboramos principalmente cos seguintes servizos: Servizos Sociais do Concello, Aspaneps e gabinetes privados que atenden ós nosos alumnos.

+ Atender e asesorar individualmente ó alumnado que o solicite.

Desde o departamento de Orientación inténtase fomentar o asesoramento afectivo e emocional a aqueles nenos e nenas que máis o precisan. Este curso tivemos bastantes demandas neste sentido.

+ Asesorar ás familias e implicalas nas tarefas do centro e do colexio.

O Departamento de Orientación seguiu na súa liña neste aspecto e asesorou ás familias e impulsou a coordinación co centro de dous xeitos diferentes:

O primeiro caso deuse cando foi a propia familia a que solicitou asesoramento por parte do Departamento.

No segundo caso o Departamento de Orientación púxose en contacto cos pais, ben para conseguir información coa finalidade de facer a avaliación psicopedagóxica, ou ben para darlles algunhas orientacións que favorezan o desenvolvemento e progreso do seu fillo.

+ Colaborar co profesorado e co equipo directivo para poder levar á cabo todas estas tarefas e

para dar resposta axeitada entre todos ás necesidades que vaian xurdindo.

O Departamento de Orientación colaborou dun xeito adecuado co profesorado, e tamén co Equipo directivo principalmente a través das Xefas de Estudio tanto de Primaria como de Secundaria.

+Colaborar cos equipos de orientación dos Institutos de Educación Secundaria nos que os nosos alumnos e alumnas van a continuar os seus estudos de Bacharelato de Formación Profesional.

FUNCIONAMENTO DAS AULAS DE APOIO DURANTE O CURSO

Anexo Memorias das aulas de PT e AL referidas no artigo 57 da Orde do 8 de setembro.

O 13 de febreiro de 2023 empezou a traballar no centro una nova profesora de Pedagogía Terapéutica concedida a tempo completo pola Consellería de Educación. O seu ámbito de actuación foron as etapas de E. Infantil e os catro primeiros cursos de E. Primaria. Tendo isto en conta, organizamos o seu horario priorizando principalmente a atención na propia aula do alumnado. As aulas nas que fixo apoios foron 6º de E. Infantil, (que presenta varios casos de alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo), e todas as aulas de 1º a 4º de Primaria.

Tamén comezou a funcionar un Programa integral para alumnado de Altas Capacidades que foi levado a cabo por unha profesora de E. Primaria e que contou con 6 alumnos e alumnas de 2º e 3º de E. Primaria.

Por outro lado tamén contamos desde principios de curso cun Programa destinado á alumnado ucráino que está escolarizado no centro. Este programa foi levado a cabo por dúas profesoras de Lingua Inglesa, e que tivo como principais obxectivos a integración emocional e social do alumnado implicado e o aumento do dominio do idioma para poder comunicarse cos iguais e co profesorado.

C) Conclusións.

O desenvolvemento da función orientadora deste curso veuse moi condicionada pola baixa por enfermidade da orientadora titular da praza en marzo e conseguinte substitución por outra

orientadora. De todos os xeitos a coordinación entre ambas foi continua e fluída, de xeito que o traballo levouse a cabo dun xeito satisfactorio, polo que en xeral podemos dicir que se cumpriron os obxectivos. De tódolos xeitos queremos destacar de novo que tanto o tamaño do centro como as características, complexidade e elevado número de casos de alumnado con NEAE (tanto do Concello como de concellos limítrofes), fan difícil que o departamento en xeral poida atender adecuadamente as necesidades do centro.

Valdoviño, a 28 de xuño de 2023

Departamento de Orientación

A handwritten signature in black ink, consisting of several overlapping loops and lines, positioned to the right of the text.

Asdo: *Cristina Martínez Romero/Lucía Hermida González*

MEMORIA FINAL DAS AULAS DE PT E AL



CANTIDADE DE ALUMNADO DE APOIO AO LONGO DO CURSO.

		EI			EP						ESO			
		4º	5º	6º	1º	2º	3º	4º	5º	6º	1º	2º	3º	4º
PT	AC			1			1	1	1	2	4	8		
	RE	1			7	6	7	6	7	5	4	5		
AL		1		1	4	4	6	3	1	1	2	1		

VALORACIÓN DA COORDINACIÓN CO PROFESORADO:

	FLUÍDA	REGULAR	NULA
TITORES/AS			
PROFESORES/AS DE ÁREA OU MATERIA	X	X	
OBSERVACIÓNS:			

VALORACIÓN DA REPERCUSIÓN DAS MEDIDAS DE APOIO:

	SUFICIENTE	INSUFICIENTE	POSITIVA	NEGATIVA
AC		X	X	
RE		X	X	
OBSERVACIÓNS:				


PREVISION PARA O CURSO SEGUINTE:

Nº ALUMNADO:		EI	EP	ESO
PT	AC		5	14
	RE	1	33	14
AL		2	19	4

PROPOSTAS DE MELLORA:

→ Para as AC → poder dispor de máis horas de atención individualizada e adaptada ás necesidades específicas de cada alumnado.

PROFESORADO DE PT E AL:



The box contains four handwritten signatures in blue ink. On the left is a large, stylized signature. In the center is a signature that appears to be 'PQ'. On the right, there are two signatures: the top one is 'Ivón' and the bottom one is 'Juan R. Alonso'.